



MEMORIA BIBLIOTECA CREATIVA 2023/2024

Este curso escolar tivemos moita estabilidade na plantilla do profesorado e iso xunto co traballo levado a cabo nos anteriores cursos escolares nos axudou a darlle unha continuidade a todo o noso traballo, apoiar o PDI anual, **UN PLANETA CHEO DE VIDA** e formarnos todos xuntos nun PFPP, que tiña como temática . Os recursos do [polo creativo](#) no CEIP VIRXE DO ROCÍO, que aínda que non trouxo novos materiais, si que aportou formación.

Na aula STEAM e no LABORATORIO DAS ARTES tentamos que día a día a **creatividade** da rapazada, xunto co traballo cooperativo, fose quen de levar adiante proxectos secuenciados onde os LEGOS, o traballo con circuitos de papel, o traballo co programa Tinkercad, a [IMPRESIÓN 3D](#), o traballo creativo a través do STOP MOTION, a RADIO ESCOLAR, a grabación, o cromakey, e outros programas, tiveron un papel esencial no noso día a día.

Poderíamos dicir que todo o alumnado da escola gozou da aula STEAM, semanalmente, polo menos unha sesión, cun mestre que non foi o seu titor para garantir ese tempo de creación. Todo isto en constante coordinación coa profes de expresión artística, e co equipo de biblioteca, estimulou a aprendizaxe do alumnado.

A nosa aula está dividida en:

- Espazo de traballo en equipos colaborativos
- Recuncho de busca de información
- Recuncho de Legos
- Recuncho de impresión
- Zona de xogos de pensamento computacional
- Espazo de creación, onde colocaremos o plotter, a cortadora laser,...
- [Radio](#), coa que se levaron a cabo a grabación de Podcast, de diversos temas de interese ao longo do curso escolar.

Fixemos unha viaxe ao longo da Terra para coñecer máis polo miúdo a gran riqueza que nela se agocha. Malia que o tema está moi relacionado con todos os [ODS](#), traballamos máis polo miúdo o 11, 13, 14, 15 e 17 e integramos todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que levamos a cabo. Comezamos o curso cunha [presentación do profesorado](#), que fixo recordar aspectos importantes para traballar co alumnado. Igual que en cursos anteriores, fomentamos a expresión oral a través das exposicións dos diferentes proxectos. Fixemos as presentación de [expertos](#), traballamos na [radio](#). Ademáis:

- ✓ No [Día da Saúde Mental](#) fixemos unha exposición de libros e o alumnado de 6º EP realizou Booktrailers con algunhas delas. Para celebrar o Día das Escritoras ás familias se gravaran lendo un texto dunha escritora galega no que se amosara o goce da natureza, de viaxes, comidas, amor... con todos eles editamos un vídeo de [lecturas enfiadas](#).



- ✓ Creamos unha mascota, [SUPER RECICLIÑO](#) relacionada coa temática anual. Cartóns, botóns, barriñas de silicona, teas, lás, ... crear coas mans sen parar de pensar. [Atlántico Diario](#) difundiu o [proxecto](#) en dúas ocasións.
- ✓ Polo [Samáin](#) montamos o tradicional Túnel do Medo coa súa Exposición de Cabzas aterrecedoras e entregáronse os premios do [Concurso de Podcast e Videos de Medo](#). No tempo de lecer a rapazada, cámara en man, ven polo túnel do Medo a contar ou **recitar** [Esconxuros de medo](#).
- ✓ [Día da Non Violencia de Xénero](#), a nosa comunidade educativa elaborou un vídeo colaborativo co slogan NO RESÍO DICIMOS NON, en contra da violencia de xénero.
- ✓ No Nadal, pedimos ás familias a súa colaboración na decoración da [árbore creativa de Nadal](#). Este ano as familias trouxeron animais relacionados co tema da súa aula realizado con material de refugallo. No recibidor puxemos postais que piden desexos, non obxectos materiais, [postais que voan polo recibidor da escola, que teñen que ver cos ODS traballados](#). Ao tempo convocouse un concurso de [postais de Nadal](#). Dende escola agasallouse a toda a comunidade educativa cun fermoso [calendario de Nadal](#) elaborado nas aulas.
- ✓ No [Día da Non Violencia](#) adaptamos a teatro o libro El Muro de Giancarlo Macri e Carolina Zanotti, Edicións Lume, con globos de cores, TODA a escola escenificámolo no patio. **Os muros sepáranos, pero o futuro constrúese coa axuda de todo@s.**
- ✓ [Un Planeta cheo de PAZ](#). O alumnado de 5º e 6º de EP investigou e preparou un Genially con información de persoeiros cun papel activo na loita pola paz.
- ✓ [Niños para paxariños](#). Con motivo do Día da Candelaria, Picolindo solicitou a axuda de tódalas familias para tentar repoboar a cidade con paxaros.. A iniciativa chegou a oídos da TVG e saímos en [Atmosféricos](#) e ata no [Quen anda aí?](#)
- ✓ No [Entroido](#) a radio e o vídeo entran en acción para os mandadiños do Meco co Chatter Pix. Este ano deseñamos e creamos un [Meco Explorador](#). Tamén fixemos os nosos disfraces de [entroido](#), cortamos teas, cosemos... un pouco nós e outro pouco [as nosas familias](#). Traballamos co croma, e situámonos no deserto, na sabana, na fraga, na charca, na selva...
- ✓ Celebramos o Día Mundial da Radio cun novo [podcast](#). O alumnado do quinto curso de primaria relata o entroido en distintos países do mundo e na nosa escola.
- ✓ No [Día Rosalía de Castro](#), o alumnado de 6EP, preparou uns versos en grupos cooperativos, cunha cartolina máis un lapis, deseñaron un bocexo de debuxo, que representase eses versos. Cinco equipos, cinco versos. Utilizando unha técnica de maxia con papel aprendida na conferencia RAIOLA polo profesorado na xornada de Biblioteca



- Creativa, impartida por Pablo Otero e Mark Ritchie, os cativos do primeiro curso gozaron dunha poesía debuxada, ou máis ben animada.
- ✓ [Día Internacional da muller](#). Houbo unha xornada un obradoiro de creación de [BOOKTRAILERS](#), da man da empresa GINKO.
 - ✓ Coa chegada da primavera pedimos ás familias que colocaran polo mundo [Trampas para Velutinas](#), para ao cal elaboramos un tutorial.
 - ✓ Participamos no concurso [E tí que pensas da igualdade](#), creamos unha video poesía e cómics, e gañamos varios premios
 - ✓ Gozaron co traballo dirixido, pero logo chegou o tempo de empregar todas as técnicas aprendidas e crear, e [inventar historias ecolóxicas con STOP MOTION](#).
 - ✓ Polo día do libro, [creamos chapas identificativas](#).
 - ✓ Creamos un hotel de bichos, unha charca, un formigueiro, unha horta, entre outras moitas cousas. Todos foron [Retos Ecolóxicos Creativos](#).
 - ✓ En maio, creamos os [maios](#) e polo Día das Letras Galegas, , propónse na sesión Steam, un proxecto ["O VIOLÍN DE LUÍSA"](#) no que o alumnado foi quen de facer un violín sonoro coa placa Makey Makey, utilizando Scratch. A cada equipo entregáronselles encadernadores, fío condutor e o Makey Makey para que cortaran e montaran o violín, colocando de xeito axeitado os fíos condutores. Na radio escolar gravouse un [programa especial sobre o Día das Letras Galegas](#).
 - ✓ En xuño, celebramos a primeira edición do certame [TALENTOS](#). O éxito foi tan grande que teremos que facer as seguintes edicións.

Os rapaces tiveron que planificar, intercambiar opinións cos compañeiros, negociar, ensaiar, aprender a enfrontarse a unha cámara, a escoitarse e ser escoitado... ser quen de bosquexar, debuxar, deseñar co Tinkercad, imprimir, fotografar, en fin crear chaveiros, medallas e trofeos no deseño de figuras para a [impresión 3D](#).

Traballouse o **pensamento computacional** e **pre-robótica** por medio dos xogos e actividades de creación. Tamén crearon co programa [CHATTERPIX](#). SOMOS UNHA ESCOLA CREATIVA que conta cun espazo, fóra das aulas ao que lle chamamos **Recuncho Fedelleiro**. Está instalado nun espazo luminoso con acceso directo desde o patio dotado de diversos materiais: tablets, Lego, Geomax , mecanos, xogos de lóxica, cubos de Rubik, MasterMind, Cortex, circuitos dominó, xadrez, mesas de luz, material creatividade, deseño... Neste espazo atópase o **laboratorio do doutor Bacilus**, no que houbo moitos [retos semanais](#). Tamén contamos co LABORATORIO DAS ARTES, centro de creación de uso semanal, o alumnado crea e constrúe diversos obxectos, estruturas, murais, pezas artísticas. etc. dependendo do momento do curso.

Estas e moitas outras actividades permitíronnos seguir facendo, crecer e evolucionar, tanto ao noso alumnado coma a nós mesmos.

Ángela Novoa Blanco

Directora